

# ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CEDEIRA

## Exposición de motivos

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, de 3 de abril de 1985) estableceu no seu artigo 25.2 k) a competencia dos concellos, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O artigo 6.2 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, establece que as entidades locais de Galicia participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia nos termos previstos na Lei 39/2006, do 14 de decembro, e na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no marco das competencias que a lexislación vixente lles atribúan.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira.

A entrada en vigor do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

En consecuencia, e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Cedeira, de conformidade co marco normativo referenciado, presenta esta Ordenanza reguladora dos requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar.

## **CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS**

### **Artigo 1º Obxecto**

É obxecto desta ordenanza a regulación xeral do servizo de axuda no fogar, nas modalidades de acceso por libre concorrencia e o acceso ao mesmo desde a valoración autonómica do grao de dependencia, que se desenvolve no concello de Cedeira.

### **Artigo 2º Ámbito de aplicación**

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no concello de Cedeira.

### **Artigo 3º Natureza, definición e obxectivos do servizo**

- O servizo de axuda no fogar é un servizo público consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, co fin de atender as necesidades básicas da súa vida diaria para incrementar a súa autonomía facilitando o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

- O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

- O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- Retardar ou evitar a institucionalización.
- Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

## Artigo 4º.- Contido do servizo

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- I. Asistencia para levantarse e deitarse.
  - II. Tarefas de coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
  - III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
  - IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
  - V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
  - VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.

b. Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria tales como o acompañamento persoal fora do fogar na realización doutras actividades complementarias:

- I. Citas médicas
  - II. Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.
- No caso de precisar algunha destas atencións, o medio de transporte será facilitado pola persoa usuaria do servizo.

c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- III. Preparación dos alimentos.
- IV. Lavado e coidado das pezas de vestir, así como do enxoval doméstico.
- V. Apoio á unidade familiar.
- VI. Coidados e mantemento básico da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á

convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, as seguintes actuacións e servizos:

a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

b. Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.

c. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.

d. Adaptacións funcionais do fogar.

e. Servizo de podoloxía.

f. Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

I. A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

II. Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

III. Calquera outra actuación de atención persoal e/ou doméstica que precise dunha cualificación profesional específica

En calquera caso a determinación das tarefas farase segundo o disposto no proxecto de intervención e no acordo de servizo e os criterios técnicos dos profesionais dos Servizos Sociais Municipais que valoren o expediente, sen prexuízo de que as tarefas deberán de ser consensuadas coa persoa usuaria e se procure o seu axuste á demanda do/a solicitante.

## **Artigo 5º.- Persoas destinatarias**

O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia con residencia efectiva no término municipal de Cedeira para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención.

Nos casos de acceso ao servizo na modalidade de Libre Concorrenza, as persoas usuarias deberán estar empadroadas no término municipal.

O servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade,

especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato. Tamén será obxecto de atención os fogares con menores, nos que se observe a necesidade dunha intervención de apoio á organización persoal e/ou doméstica, ou ben precisen apoio de carácter socioeducativo. Así mesmo poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social e sempre que exista unha situación de desatención persoal ou familiar avaliada tecnicamente e que xustifique a aplicación do Servizo de Axuda no Fogar como recurso axeitado.

En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

## **Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias**

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
7. A obter unha copia do acordo e proxecto de intervención.
8. A recibir información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
9. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
10. A coñeceren a situación do seu expediente.
11. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
12. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo e a través do libro oficial habilitado ao efecto.

13. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

## **Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias**

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e o artigo 5 do Decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais e o seu financiamento, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.

2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.

3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.

4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.

Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.

5. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.

6. Solicitar por escrito a suspensión temporal do servizo con dez días de antelación en circunstancias previsibles. Nas situacións imprevistas comunicarse á maior brevidade posible e deberá xustificarse con posterioridade.

7. Aboar mensualmente a tarifa que lle corresponda, de conformidade co prezo público aprobado polo concello vixente en cada momento. A obriga nace o primeiro día en que se inicie o servizo.

8. Comunicar de xeito inmediato aos servizos sociais municipais calquera anomalía que se observe na prestación do servizo.

9. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

10. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que,

se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

Así mesmo o Concello de Cedeira establece a través desta norma reguladora os seguintes requisitos para a boa prestación do servizo:

1. Expor en sitio visible e axeitado, as pautas de medicación que se está a tomar coas especificacións detalladas da súa prescrición.
2. Facilitar canta documentación lle sexa requirida polos servizos sociais municipais nos prazos establecidos.

### **Artigo 8º.- Causas de extinción e modificación do servizo**

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:
  - a. A renuncia da persoa usuaria que deberá formalizarse por escrito cunha antelación mínima de dez días hábiles á data de finalización do servizo prestado
  - b. O cambio de programa individual de atención (PIA) ou do proxecto de intervención do SAF que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
  - c. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
  - d. Falecemento da persoa usuaria.
  - e. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
  - f. A falta reiterada de pagamento do servizo.
  - g. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.
3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

### **Artigo 9º.- Causas de suspensión temporal do servizo**

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrència e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

## **CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

### **SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS**

#### **Artigo 10º Formas de prestación do servizo**

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo concello de Cedeira ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

#### **Artigo 11º Requisitos específicos**

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

| Número de persoas usuarias | Persoal técnico mínimo  |
|----------------------------|---|
| 50 a 99                    | 1 técnico/a titulado/a xornada completa   |
| 100 a 199                  | 2 técnicos/as titulados/as a xornada completa   |
| 200 a 399                  | 3 técnicos/as titulados/as a xornada completa   |
| Incrementos sucesivos      | Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa |

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións do servizo expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.



4. O Concello de Cedeira e, de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.

b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o modelo recollido nos anexos desta ordenanza.

c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Cedeira e a persoa usuaria, segundo o modelo recollido nos anexos desta ordenanza.

d. Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

## **SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

### **Artigo 12º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento**

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo coas seguintes modalidades:

1. Acceso directo: O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA), e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos (PAR), establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o concello de Cedeira, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos (PAR). As persoas para as que o programa individual de atención (PIA), determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

2. Acceso en libre concorrencia: Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrencia, segundo o seguinte procedemento:

2.1. Presentación da solicitude, segundo o modelo recollido nos anexos desta ordenanza, dirixida ao Alcalde, no Rexistro Xeral de entrada ou en calquera

das formas recollidas na Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, acompañada da seguinte documentación:

Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.

Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.

Certificado de convivencia e volante de empadramento.

Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde.

Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao de dependencia, de ser o caso.

Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:

Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.

Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan

Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.

Calquera outra documentación que sexa requirida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para emendar deficiencias; en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

2.2. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo o modelo recollido nos anexos desta ordenanza.

2.3. O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para ditar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

2.4. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe-proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

- 2.5. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido nos anexos desta ordenanza.
- 2.6. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.
- 2.7. No caso de tratarse de intervencións de carácter socioeducativo derivadas dun diagnóstico de desestruturación familiar, na intervención no fogar poderá incorporarse, segundo as circunstancias, persoal técnico dos Servizos Sociais Comunitarios: Educador/a familiar, Educador/a Social, ou profesional axeitado e dispoñible.

### **Artigo 13º.- Desenvolvemento da prestación do servizo**

O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos (PAR) para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia atendendo á orde de prelación e a dispoñibilidade horaria, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrencia. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

1. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.

2. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requirido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliar para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

3. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo recollido para o efecto nos anexos desta ordenanza.

4. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o modelo recollido para o efecto nos anexos desta ordenanza, que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.

5. Farase entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no

fogar, debidamente visada polo órgano competente.

6. Así mesmo, entregárase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio (proxecto de intervención).

7. Informárase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

### **Artigo 14º.- Intensidade na prestación do servizo**

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico do/a traballador/a social.

2. Con carácter xeral o horario de prestación do servizo será entre as 08:00 e as 21:00 horas.

3. A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

4. Para as persoas usuarias que accedan ao servizo por libre concorrencia, a intensidade do servizo determinarase mediante a valoración técnica dos profesionais do equipo dos Servizos Sociais municipais en función da situación socioeco- nómica persoal e familiar do/a solicitante, da capacidade dos servizos e da dispoñibilidade horaria. A intensidade horaria será revisable e modificable segundo as variacións nas circunstancias persoais e familiares e segundo a dispoñibilidade do Servizo.

5. Para as persoas usuarias que accedan ao servizo por libre concorrencia, no caso de non aceptar a distribución horaria proposta polo/a traballador/a social en función da dispoñibilidade horaria do servizo, se procederá a pasala á lista de agarda ata que quede libre o horario solicitado. Informárase desta circunstancia a persoa usuaria ou ao gardador/a de feito e deixarase constancia por escrito no expediente.

### **Artigo 15º.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.**

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto

149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.
3. Establécese como mínimo vital ou contía mínima para gastos persoais e quedará integramente á disposición do seu perceptor unha contía equivalente ao 49% dos ingresos líquidos percibidos, calculados en cómputo anual.  
Garantiráselle á persoa usuaria unha dispoñibilidade anual mínima de 2.653 euros, no suposto de que a persoa usuaria traballe nun centro especial de emprego, este importe será actualizado anualmente consonte a variación interanual do IPREM.
- 4.- Nos ingresos da persoa usuaria non se terán en consideración como renda a contía das prestacións de análoga natureza e finalidade recollidas no artigo 31 da Lei 39/2006, do 14 de decembro. As ditas prestacións sumaranse á contía calculada de acordo cos criterios de participación do servizo ata o 100% do custe de referencia do servizo.

### **Artigo 16º Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento**

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse

en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

### **Artigo 17º Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar**

A participación no financiamento do Servizo para a atención das persoas dependentes valoradas e con dereito recoñecido de atención mediante o servizo de axuda no fogar, aplicarase de acordo coas normas contidas no Decreto 149/2013 do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención as persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia vixentes en cada momento

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

| Capacidade económica (referenciada) | Grao   | Grao    | Grao    |
|-------------------------------------|--------|---------|---------|
|                                     | <=20 h | <=45 h  | <=70    |
| 100,00 %                            | 0,00 % | 0,00    | 0,00    |
| 115,00 %                            | 4,52 % | 9,61    | 14,70 % |
| 125,00 %                            | 5,41 % | 11,50 % | 17,58 % |
| 150,00 %                            | 5,55 % | 11,79 % | 18,03 % |
| 175,00 %                            | 5,65 % | 12,00 % | 18,35 % |
| 200,00 %                            | 5,72 % | 12,16 % | 18,60 % |
| 215,00 %                            | 5,81 % | 12,34 % | 18,87 % |
| 250,00 %                            | 6,03 % | 12,82 % | 19,61 % |
| 300,00 %                            | 6,24 % | 13,26 % | 20,29 % |
| 350,00 %                            | 6,42 % | 13,63 % | 20,85 % |
| 400,00 %                            | 6,54 % | 13,90 % | 21,25 % |
| 450,00 %                            | 6,63 % | 14,09 % | 21,55 % |
| 500,00 %                            | 6,70 % | 14,25 % | 21,79 % |
| >500 %                              | 6,76 % | 14,36 % | 21,97 % |

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será

minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

5.- No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas e con tal dereito de atención recoñecido no PIA e de estar implementadas estas prestacións e as correspondentes taxas a nivel municipal, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

| % Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata | Grao I   |  |  | Grao II  |  |  | Grao III   |  |  |
|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|
|  | Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia | Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables | Servizo de préstamo de axudas técnicas | Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia | Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables | Servizo de préstamo de axudas técnicas | Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia | Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables | Servizo de préstamo de axudas técnicas |
|  | <=15   |  |  | <=28   |  |  | <=45   |  |  |
| 100,00 %   | 0,00 %   | 12,87 %  | 13,76 %                                | 0,00 %   | 22,73 %  | 24,29 %                                | 0,00 %   | 35,51 %  | 37,95 %                                |
| 115,00 %   | 5,98 %   | 13,10 %  | 14,00 %                                | 10,56 %  | 23,12 %  | 24,71 %                                | 16,50 %  | 36,13 %  | 38,61 %                                |
| 125,00 %   | 7,15 %   | 13,39 %  | 14,31 %                                | 12,63 %  | 23,64 %  | 25,26 %                                | 19,73 %  | 36,94 %  | 39,47 %                                |
| 150,00 %   | 7,34 %   | 13,52 %  | 14,44 %                                | 12,95 %  | 23,87 %  | 25,50 %                                | 20,24 %  | 37,29 %  | 39,85 %                                |
| 175,00 %   | 7,47 %   | 13,61 %  | 14,54 %                                | 13,18 %  | 24,03 %  | 25,67 %                                | 20,60 %  | 37,54 %  | 40,12 %                                |
| 200,00 %   | 7,57 %   | 13,76 %  | 14,70 %                                | 13,36 %  | 24,29 %  | 25,96 %                                | 20,87 %  | 37,96 %  | 40,56 %                                |
| 215,00 %   | 7,68 %   | 13,83 %  | 14,78 %                                | 13,56 %  | 24,42 %  | 26,09 %                                | 21,18 %  | 38,16 %  | 40,77 %                                |
| 250,00 %   | 7,98 %   | 13,96 %  | 14,91 %                                | 14,09 %  | 24,64 %  | 26,33 %                                | 22,01 %  | 38,50 %  | 41,14 %                                |
| 300,00 %   | 8,25 %   | 14,06 %  | 15,02 %                                | 14,57 %  | 24,82 %  | 26,52 %                                | 22,77 %  | 38,78 %  | 41,44 %                                |
| 350,00 %   | 8,48 %   | 14,16 %  | 15,13 %                                | 14,98 %  | 25,00 %  | 26,72 %                                | 23,40 %  | 39,07 %  | 41,74 %                                |
| 400,00 %   | 8,65 %   | 14,35 %  | 15,33 %                                | 15,27 %  | 25,33 %  | 27,06 %                                | 23,85 %  | 39,57 %  | 42,29 %                                |
| >400,00 %  | 8,77 %   | 14,48 %  | 15,48 %                                | 15,48 %  | 25,57 %  | 27,32 %                                | 24,19 %  | 39,95 %  | 42,69 %                                |

## **Artigo 18º Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento**

A) Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

| CAPACIDADE ECONÓMICA                        | Participación no custe do servizo de SAF básico |
|---|---|
| Menor de 0,80 IPREM                         | 0,00%   |
| Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM | 10%   |
| Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM | 20%   |
| Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM | 40%   |
| Maior de 2,50 IPREM                         | 60%   |

B) Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

c) En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

### **Artigo 19º Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos**

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o concello de Cedeira, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

### **Artigo 20º Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos**

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

### **Artigo 21º Obrigados ao pagamento**

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas usuarias do servizo de axuda no fogar prestado por este Concello.

### **Artigo 22º Nacemento da obriga de pago**

O réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.



A obriga de pagar os prezos públicos regulados nesta ordenanza, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.
2. Por parte do concello e, sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual cón importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

### **Artigo 23º Infraccións e sancións**

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

### **Disposición adicional**

En todo aquilo non previsto no presente regulamento será de aplicación o establecido na lexislación vixente aplicable a este tipo de prestacións.

### **Disposición derogatoria**

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP nº 260 de 10 de decembro de 2009, a ordenanza reguladora do prezo público dos usuarios do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP nº 37 de 25 de febreiro de 2010, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

### **Disposición derradeira**

O presente regulamento, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legal establecida, entrará en vigor conforme ao previsto no art.70.2 e 65.2 da Lei 7/85 de Bases de réxime local

ANEXOS

ANEXO I :BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA

ANEXO II: SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR-PROXECTO DE INTERVENCIÓN INDIVIDUAL-ANEXO DE TAREFAS DO PROXECTO DE INTERVENCIÓN

ANEXO III- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR - ACORDO DE SERVIZO



## ANEXO I

### BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA

(modalidade de prestación básica de servizos sociais de atención primaria)

#### FACTOR-1: AUTONOMÍA PERSOAL (máximo total 40 puntos)

O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade e do grao de dependencia.

As persoas dependentes valoradas que polo calendario oficial de implantación teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), non poderán acceder polo sistema de libre concorrència.

A asignación de valor en función do factor “autonomía persoal” realizarase de acordo coa seguinte táboa:

| TÁBOA DE EQUIVALENCIAS PARA A VALORACIÓN DO NIVEL DE AUTONOMÍA PERSOAL |                               |   |                 |                                     |                  |                                     |                   |                                 |  |
|--|-------------------------------|---|-----------------|-------------------------------------|------------------|-------------------------------------|-------------------|---------------------------------|--|
| De 33% a 64% de discapacidade  | De 65% a 74% de discapacidade | 75%-100%                                |                 | 81%-87%                             |                  | 88%-93%                             |                   | 94%-100%                        | Grao de discapacidade de en menores de 18 anos sen valoración de ATP ou BVD    |
|  |                               | 75%-100% discapacidade e ata 14 pts ATP |                 | 75%-100% discapacidade de 15-29 pts |                  | 75%-100% discapacidade de 30-44 pts |                   | 75%-100% discapacidade de 45-72 | Grao de Discapacidade e + Axuda Terceira Persoa. ATP RD 1971/1999              |
|  |                               | 75% discapacidade e ata 24 pts BVD      | 25-39 pts BVD   | 40-49 pts BVD                       | 50-64 pts BVD    | 65-74 pts BVD                       | 75-89 pts BVD     | 90-100 pts BVD                  | Grao de Discapacidade e + Axuda Terceira Persoa. Puntuación BVD (RD. 504/2007) |
|  |                               |   | Grao I, Nivel 1 | Grao I, Nivel 2                     | Grao II, Nivel 1 | Grao II, Nivel 2                    | Grao III, Nivel 1 | Grao III, Nivel 2               | Situación de dependencia. Decreto 176/2007                                     |
| 5 pts  | 10 pts                        | 14 pts                                  | 20 pts          | 24 pts                              | 30 pts           | 32 pts                              | 38 pts            | 40 pts                          | PUNTUACION Nivel de Autonomía persoal  |

Total puntos autonomía persoal \_\_\_\_\_

**FACTOR-2: APOIO SOCIAL (máximo total 20 puntos)**

A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos) \_\_\_\_\_  
A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos) \_\_\_\_\_

A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos): ) \_\_\_\_\_

Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos) \_\_\_\_\_

Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos) \_\_\_\_\_

Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos) \_\_\_\_\_

Con incapacidade para organizarse (3 puntos) \_\_\_\_\_

Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos) \_\_\_\_\_

Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 km (5 puntos) \_\_\_\_\_

Está ben atendido (0 puntos) \_\_\_\_\_

**Total puntos apoio social** \_\_\_\_\_

**FACTOR-3: SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES (máximo total 20 puntos)**

**3.1 Conflito (máximo total 4 puntos)**

Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto) \_\_\_\_\_

Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos) \_\_\_\_\_

Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos) \_\_\_\_\_

Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos) \_\_\_\_\_

**3.2 Limitacións de rol (máximo total 2 puntos)**

Familias en que ambos proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atención aos menores (2 puntos) \_\_\_\_\_

**3.3 Monoparentalidade (máximo total 2 puntos)**

Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores (2 puntos) \_\_\_\_\_

### **3.4 Habilidades parentais (máximo total 2 puntos)**

Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización...) (2 puntos) \_\_\_\_\_

### **3.5 Número de menores (máximo total 10 puntos)**

Un menor (3 puntos) \_\_\_\_\_

Dous menores (5 puntos) \_\_\_\_\_

Tres menores (7 puntos) \_\_\_\_\_

Catro ou máis menores (10 puntos) \_\_\_\_\_

**Total puntos situación familiar/socialización menores** \_\_\_\_\_

## **FACTOR-4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (máximo total 20 puntos)**

### **4.1. Vivenda (total 10 punto)**

Non hai luz eléctrica (1 punto) \_\_\_\_\_

Non hai auga corrente (1 punto) \_\_\_\_\_

Non posúe WC (1 punto) \_\_\_\_\_

Non posúe cuarto de baño completo (1 punto) \_\_\_\_\_

Non ten neveira (1 punto) \_\_\_\_\_

Non ten quentador (1 punto) \_\_\_\_\_

Non ten lavadora (1 punto) \_\_\_\_\_

Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (1 punto) \_\_\_\_\_

Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto) \_\_\_\_\_

Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto) \_\_\_\_\_

### **4.2. Integración no contorno (total 10 puntos)**

Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos) \_\_\_\_\_

Ausencia de relacións sociais (6 puntos) \_\_\_\_\_

Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos) \_\_\_\_\_

Integración axeitada no contorno (0 puntos) \_\_\_\_\_

**Total puntos outros aspectos sociais** \_\_\_\_\_

**TOTAL XERAL** \_\_\_\_\_

## ANEXO II

### SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

#### PROXECTO DE INTERVENCIÓN INDIVIDUAL

##### 1.-Datos de Identificación do Expediente

###### Nome e Apelidos

| DNI                             | Sexo |
|---------------------------------|------|
|                                 |      |
| Enderezo                        |      |
|                                 |      |
| Data de elaboración do proxecto |      |
|                                 |      |
| Proxecto elaborado por          |      |
|                                 |      |

###### Tipoloxía do servizo a prestar

| Modalidade | Grao/nivel | Horas concedidas | Horas semanais |
|------------|------------|------------------|----------------|
|            |            |                  |                |

Antecedentes relevantes en relación a persoa usuaria e a súa familia:

##### 2.-Atención

###### Días da semana e horario concreto da prestación:

| Horario | LUNS | MART | MERC | XOV | VENR | SAB | DOM |
|---------|------|------|------|-----|------|-----|-----|
|         |      |      |      |     |      |     |     |
|         |      |      |      |     |      |     |     |

###### Tipo de atencións a prestar

|                                      |  |  |
|--------------------------------------|--|--|
| Atencións de carácter persoal        |  |  |
| Atencións de carácter doméstico      |  |  |
| Atencións de carácter complementario |  |  |

|   |  |  |
|---|--|--|
| Atencións de carácter psicosocial e educativo |  |  |
|---|--|--|

**Perfil dos/as profesionais**

**Traballador/a social do Concello:**

**Traballador/a social da empresa xestora:**

**Auxiliar de axuda a domicilio:**

**3.-Existencia doutros Servizos/Apoios prestados a Domicilio**

Existencia:

Servizos/apoios:

Periodicidade:

**4.- Obxectivos do servizo proposto:**

**ANEXO DE TAREFAS DO PROXECTO DE INTERVENCIÓN**

**NOME DO USUARIO/A:**

**AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR:**

**HORAS MENSUAIS:**

**DIAS E HORARIO DE ATENCIÓN:**

**5. – Desglose das tarefas básicas a realizar:**

|                 | Atencións de carácter persoal             | Franxa horaria (*1) | Periodicidade |         |         |            |
|-----------------|---|---------------------|---------------|---------|---------|------------|
|                 |   |                     | Diario        | Semanal | Mensual | Trimestral |
| <b>Mobiliza</b> | <b>Levantar e deitar</b>                  |                     |               |         |         |            |
|                 | <b>Incorporación cama/cadeira</b>         |                     |               |         |         |            |
|                 | <b>Transferencias</b>                     |                     |               |         |         |            |
|                 | <b>Cambios posturais</b>                  |                     |               |         |         |            |
|                 | <b>Axudar a subir e baixar escaleiras</b> |                     |               |         |         |            |
|                 | <b>Apoio nos desprazamentos</b>           |                     |               |         |         |            |



|                        |   |  |  |  |  |  |
|------------------------|---|--|--|--|--|--|
|                        | <b>Outras (*2)</b>  |  |  |  |  |  |
|                        |   |  |  |  |  |  |
| <b>Hixiene persoal</b> | <b>Baño/ ducha</b>  |  |  |  |  |  |
|                        | <b>Aseo parcial (membros superiores,inferiores,pes....)</b> |  |  |  |  |  |
|                        | <b>Lavado de cabeza</b>                                     |  |  |  |  |  |
|                        | <b>Cambio de cueiros</b>                                    |  |  |  |  |  |
|                        | <b>Botar cremas</b>   |  |  |  |  |  |
|                        | <b>Cortar unllas</b>  |  |  |  |  |  |
|                        | <b>Peitear</b>  |  |  |  |  |  |
|                        | <b>Depilar / afeitarse</b>                                  |  |  |  |  |  |
|                        | <b>Limpar dentadura</b>                                     |  |  |  |  |  |
|                        | <b>Lavar os dentes</b>                                      |  |  |  |  |  |
|                        | <b>Cambio ou vaciado de bolsa</b>                           |  |  |  |  |  |
|                        | <b>Cambio de colectores</b>                                 |  |  |  |  |  |
|                        | <b>Axudar a vestir/ espir</b>                               |  |  |  |  |  |

|  | <b>Atencións de carácter persoal</b>        | <b>Franxa horaria (*1)</b> | <b>Periodicidade</b> |                |                |                   |
|--|---|----------------------------|----------------------|----------------|----------------|-------------------|
|  |   |                            | <b>Diario</b>        | <b>Semanal</b> | <b>Mensual</b> | <b>Trimestral</b> |
|  | <b>Limpar axudas tecnicas</b>               |                            |                      |                |                |                   |
|  | <b>Supervisar hixiene persoal</b>           |                            |                      |                |                |                   |
|  | <b>Outras (*2)</b>                          |                            |                      |                |                |                   |
|  |   |                            |                      |                |                |                   |
|  | <b>Solicitar e supervisar citas médicas</b> |                            |                      |                |                |                   |
|  | <b>Recollida de receitas</b>                |                            |                      |                |                |                   |

|                                      |  |  |  |  |  |  |
|--------------------------------------|--|--|--|--|--|--|
|                                      | Comprar medicación   |  |  |  |  |  |
|                                      | Supervisión das rutinas de administración de medicamentos prescritos por facultativo |  |  |  |  |  |
|                                      | Supervisar administración de insulina e heparina                                     |  |  |  |  |  |
|                                      | Curas menores  |  |  |  |  |  |
|                                      | Outras (*2)  |  |  |  |  |  |
| <b>LIMPEZA MANTENIMENTO DO FOGAR</b> | Facer as camas   |  |  |  |  |  |
|                                      | Cambiar as camas   |  |  |  |  |  |
|                                      | Sacudir/aspirar alfombras  |  |  |  |  |  |
|                                      | Limpar pezas dos baños   |  |  |  |  |  |
|                                      | Limpar azulexos baños  |  |  |  |  |  |
|                                      | Limpar salón/sala  |  |  |  |  |  |
|                                      | Limpar cociña  |  |  |  |  |  |

|  | Atencións de carácter persoal | Franxa horaria (*1) | Periodicidade |         |         |            |
|--|-------------------------------|---------------------|---------------|---------|---------|------------|
|  |                               |                     | Diario        | Semanal | Mensual | Trimestral |
|  | Limpar electrodomésticos      |                     |               |         |         |            |
|  | Limpar mesados                |                     |               |         |         |            |
|  | Limpar armarios de cociña     |                     |               |         |         |            |
|  | Ordear utensilios de cociña e |                     |               |         |         |            |
|  | Varrer                        |                     |               |         |         |            |
|  | Fregar chans                  |                     |               |         |         |            |
|  | Ordear a casa                 |                     |               |         |         |            |

|  |                                      |  |  |  |  |  |
|--|--------------------------------------|--|--|--|--|--|
|  | <b>Fregar louza</b>                  |  |  |  |  |  |
|  | <b>Limpar azulexos cociña</b>        |  |  |  |  |  |
|  | <b>Limpar cristais</b>               |  |  |  |  |  |
|  | <b>Limpar portas</b>                 |  |  |  |  |  |
|  | <b>Facer a compra</b>                |  |  |  |  |  |
|  | <b>Comprobar billas, luz.....</b>    |  |  |  |  |  |
|  | <b>Sacar o lixo</b>                  |  |  |  |  |  |
|  | <b>Comprobar telefonia</b>           |  |  |  |  |  |
|  | <b>Ventilar habitacións</b>          |  |  |  |  |  |
|  | <b>Acender o lume e poñer</b>        |  |  |  |  |  |
|  | <b>Limpar escaleiras</b>             |  |  |  |  |  |
|  | <b>Limpar o po</b>                   |  |  |  |  |  |
|  | <b>Supervisar tarefas domésticas</b> |  |  |  |  |  |
|  | <b>Outras (*2)</b>                   |  |  |  |  |  |

|                     | Atencións de carácter persoal                | Franxa horaria (*1) | Periodicidade |         |         |            |
|---------------------|--|---------------------|---------------|---------|---------|------------|
|                     |  |                     | Diario        | Semanal | Mensual | Trimestral |
| <b>ALIMENTACIÓN</b> | <b>Planificar menús</b>                      |                     |               |         |         |            |
|                     | <b>Facer a comida</b>                        |                     |               |         |         |            |
|                     | <b>Poñer e recoller a mesa</b>               |                     |               |         |         |            |
|                     | <b>Trocear,enfriar,bater</b>                 |                     |               |         |         |            |
|                     | <b>Administrar comida</b>                    |                     |               |         |         |            |
|                     | <b>Administrar comida por sonda</b>          |                     |               |         |         |            |
|                     | <b>Supervisar alimentación</b>               |                     |               |         |         |            |
|                     | <b>Xestión económica de aprovisionamento</b> |                     |               |         |         |            |

|                           |                                    |  |  |  |  |  |
|---------------------------|------------------------------------|--|--|--|--|--|
|                           | <b>Outras (*2)</b>                 |  |  |  |  |  |
|                           |                                    |  |  |  |  |  |
| <b>COIDADADO DA ROUPA</b> | <b>Poñer lavadora</b>              |  |  |  |  |  |
|                           | <b>Tender a roupa</b>              |  |  |  |  |  |
|                           | <b>Recoller a roupa</b>            |  |  |  |  |  |
|                           | <b>Ordear a roupa nos armarios</b> |  |  |  |  |  |
|                           | <b>Pasar o ferro</b>               |  |  |  |  |  |
|                           | <b>Coser</b>                       |  |  |  |  |  |
|                           | <b>Limpar o calzado</b>            |  |  |  |  |  |
|                           | <b>Comprar roupa</b>               |  |  |  |  |  |
|                           | <b>Outras (*2)</b>                 |  |  |  |  |  |
|                           |                                    |  |  |  |  |  |

|  | <b>Acompañamento na realización doutras actividades necesarias da vida diaria</b>         | <b>Franxa horaria</b> | <b>Periodicidade</b> |                |                |                   |
|--|---|-----------------------|----------------------|----------------|----------------|-------------------|
|  |   |                       | <b>Diario</b>        | <b>Semanal</b> | <b>Mensual</b> | <b>Trimestral</b> |
|  | <b>Acompañamento ao médico</b>  |                       |                      |                |                |                   |
|  | <b>Facer compras e/ou outras xestións</b>   |                       |                      |                |                |                   |
|  | <b>Xestións telefónicas</b>   |                       |                      |                |                |                   |
|  | <b>Xestión de correspondencia</b>   |                       |                      |                |                |                   |
|  | <b>Paseos terapéuticos</b>  |                       |                      |                |                |                   |
|  | <b>Acompañamento centro de día, ocio, etc</b>   |                       |                      |                |                |                   |
|  | <b>Calquera outra tarefa que se considere necesaria para a atención da persoa usuaria</b> |                       |                      |                |                |                   |
|  |   |                       |                      |                |                |                   |

*(\*1) A cubrir naqueles casos que se acode ao servizo en máis dunha franxa horaria*

*(\*2) No seu caso, especificar outras tarefas que se consideren necesarias.*

**6.-Periodicidade dos seguimentos (mínimo bimensual)**

Asinado en \_\_\_\_\_ na data \_\_\_\_\_

Recibín copia :

persoa usuaria/representante legal  
social

responsable da entidade /traballador

Recibín copia: auxiliar asignada

## ANEXO III– ACORDO DE SERVIZO

### CONTRATO DE ACEPTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MUNICIPAL (S.A.F.) LIBRE CONCORRENCIA

Reunidos en Cedeira, dunha parte D. \_\_\_\_\_  
DNI número\_\_ Domiciliado en \_\_\_\_\_

E doutra D. \_\_\_\_\_, Alcalde-Presidente do  
Concello de Cedeira, en calidade de representante legal da entidade, e D. \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, en calidade de  
Traballador Social do Concello de Cedeira, Técnico responsable do servizo de axuda no fogar

#### ACORDAN:

1.- Que o Concello de Cedeira prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_. A prestación do servizo realizarase por un prazo de \_\_\_\_\_ con posibilidade de prórroga segundo valoración técnica do Departamento de Servizos Sociais.

2.-. Que a persoa usuaria ten recoñecido por Decreto da Alcaldía, unha intensidade de \_\_\_\_\_ horas mensuais. Que as citadas horas distribuiranse semanalmente nos seguintes días:-----  
-----

3.- Que atendendo ao Decreto 99/2012, á Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, a Ordenanza Fiscal municipal que regula as taxas do SAF, e a aplicación do baremo que corresponde, a unidade de convivencia conta cunha capacidade económica de \_\_\_\_\_ euros,  
polo que lle corresponde unha porcentaxe de \_\_\_\_\_% sobre o custo do servizo. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo, comprométese a achegar a cantidade de \_\_\_\_\_ euros mensuais polo total de horas prestadas.

4.- Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do SAF establecido no punto tres, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

5.- Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

- Atencións de carácter persoal
- Atencións de carácter persoal doutras actividades da vida diaria (acompañamentos fora do fogar)
- Atencións de carácter de apoio psicosocial e educativo Atencións de carácter técnico e complementario

Atencións de carácter doméstico e da vivenda

6.- Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo,deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

7.- Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar e na Ordenanza Municipal sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, as suspensións ou extincións do servizo.

8.- Que existe un libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias nas dependencias do Concello.

9.- Que co presente acordo do servizo se lle entrega á persoa usuaria unha copia da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar debidamente visada.

Ámbalas dúas partes dan a súa conformidade ao presente acordo de prestación do SAF, e asínano.

Cedeira, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

A persoa usuaria

Representante da entidade

O Traballador Social

## ANEXO III– ACORDO DE SERVIZO

### CONTRATO DE ACEPTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MUNICIPAL (S.A.F.) USUARIOS DE DEPENDENCIA.

Reunidos en Cedeira, dunha parte D. \_\_\_\_\_  
DNI número \_\_\_\_\_ Domiciliado en \_\_\_\_\_

E doutra D. \_\_\_\_\_, Alcalde-Presidente do  
Concello de Cedeira, en calidade de representante legal da entidade, e  
D. \_\_\_\_\_, en calidade de Traballador Social do Concello de Cedeira, Técnico  
responsable do servizo de axuda no fogar

#### ACORDAN:

1.- Que o Concello de Cedeira prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_, e con carácter indefinido.

2.- Que a persoa usuaria ten recoñecido por Resolución do Programa Individual de Atención, unha intensidade de \_\_\_\_\_ horas mensuais.

3.- Que o SAF se levará a cabo por un total de \_\_\_\_\_ horas efectivas mensuais, distribuídas semanalmente nos seguintes días: \_\_\_\_\_

4.- Que atendendo ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, á Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, á Ordenanza Fiscal municipal que regula as taxas do servizo e, a capacidade económica de .....€, da persoa usuaria, correspóndelle aboar a cantidade de ..... € por cada hora de servizo prestada

5.- Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do SAF establecido no punto 4, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

6.- Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

Atencions de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio.

Atencions das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axudan na mellora do contorno das persoas usuarias e da súa familia.

Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria ( trámites de carácter administrativo, xudicial, consultas médicas..etc)

7.- Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo, deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.



8.- Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar e na Ordenanza Municipal sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, suspensións temporais e causas de extinción.

9.- Que se informa á persoa usuaria do dereito que lle asiste a recibir o servizo todos os días da semana, incluíndo domingos e días declarados festivos.

10.- Que existe un libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias nas dependencias do Concello.

11.- Que co presente acordo do servizo se lle entrega á persoa usuaria unha copia da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar debidamente visada.

Ámbalas dúas partes dan a súa conformidade ao presente acordo de prestación do SAF, e asínano.

Cedeira, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

A persoa usuaria

Representante da entidade

O Traballador Socia